

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

10132 *Real decreto 799/2011, do 10 de xuño, polo que se establecen as obrigas que incumben ao Ministerio de Fomento en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación mariña sobre buques españois.*

A Directiva 2009/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, sobre o cumprimento das obrigas do Estado de abandeiramento, ten como finalidade a introdución e implantación de medidas útiles no ámbito da política do transporte marítimo, para efectos de que os ditos obxectivos poidan ser alcanzados polos Estados membros, de acordo co principio de subsidiariedade consagrado polo artigo 5 do Tratado da Unión Europea.

A citada directiva establece un conxunto de normas de obrigado cumprimento para as administracións marítimas dos Estados membros e determina o calendario para a súa consecución.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar coa citada directiva encóntranse en boa parte cubertos polo ordenamento xurídico marítimo español, tanto desde a perspectiva da normativa emanada deste como daquela outra que ten a súa orixe no cumprimento das obrigas asumidas por tratados e convenios internacionais e, moi particularmente, polo que se refire ás obrigas, decisións e recomendacións da Organización Marítima Internacional (OMI).

Non obstante o anteriormente exposto, procede a incorporación da Directiva 2009/21/CE ao ordenamento xurídico español, de acordo coa lexislación da Unión Europea.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as organizacións sociais máis representativas do sector marítimo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 10 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto regular as obrigas que, como Estado de abandeiramento, corresponde asumir ao Ministerio de Fomento e á Dirección Xeral da Mariña Mercante respecto dos buques que enarboren pavillón español, en particular nos aspectos tendentes a mellorar a súa seguridade e previr a contaminación.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os exclusivos efectos do previsto neste real decreto entenderase por:

a) Buque: todo buque de pavillón español comprendido no ámbito de aplicación dos convenios da Organización Marítima Internacional (OMI) pertinentes e ao cal se lle exixa un certificado.

b) Administración: o Ministerio de Fomento a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante e das capitanías marítimas e distritos marítimos.

c) Organización recoñecida: unha organización recoñecida de conformidade co Regulamento (CE) 391/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, sobre regras e normas comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques.

d) Certificados: os certificados preceptivos dos buques conforme os convenios OMI pertinentes.

e) Auditoría da OMI: auditoría realizada de acordo coas disposicións da Resolución A.974, adoptada pola Asemblea da OMI do 1 de decembro de 2005.

Artigo 3. *Comprobación das condicións operativas dos buques abandeirados en España.*

1. Antes de permitir que un buque abandeirado en España comece a operar, o Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, adoptará as medidas que considere adecuadas para garantir que o buque cumpre as normas e regulamentos internacionais aplicables.

2. En particular, a través da actividade inspectora da Dirección Xeral da Mariña Mercante, deberá comprobar os rexistros de seguridade do buque conforme o previsto pola normativa vixente e, sempre que isto fose necesario, deberá consultar a Administración marítima que, se for o caso, abandeirase anteriormente o buque, co fin de determinar se algunhas das deficiencias ou cuestións de seguridade pendentes seguen sen se resolver, así como calquera outro dato relacionado coa seguridade do buque.

3. A Dirección Xeral da Mariña Mercante facilitará información no menor tempo posible a todo Estado membro que a solicite sobre un buque que estivese abandeirado en España.

Artigo 4. *Inmovilización de buques.*

1. Cando a Dirección Xeral da Mariña Mercante sexa informada de que un buque que enarbore pavillón español foi inmovilizado polo Estado reitor dun porto, deberá supervisar a adaptación do buque e dos seus elementos aos convenios OMI.

2. Nos supostos en que, de acordo coa normativa aplicable, a Dirección Xeral da Mariña Mercante acorde a inmovilización dun buque doutro pavillón, deberá informar disto a Administración marítima do Estado de abandeiramento.

Artigo 5. *Medidas de acompañamento.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante adoptará as medidas precisas para que os seus rexistros sexan facilmente accesibles e dispoñan en todo momento dos seguintes datos relativos aos buques baixo pavillón español:

- a) Datos de identificación de buque, incluído o número OMI.
- b) Datas dos recoñecementos, incluídos os adicionais e extraordinarios, se for o caso, así como das auditorías de que fose obxecto o buque e a empresa navieira.
- c) Identificación das organizacións recoñecidas que participen no proceso de certificación e clasificación do buque.
- d) Identificación a Administración marítima do Estado reitor do porto que inspeccionase o buque de conformidade coas disposicións relativas ao seu control como Estado reitor do porto e as datas das inspeccións.
- e) Resultado das inspeccións obxecto da letra d) deste artigo que reflectan a existencia ou non de deficiencias nos buques, e a adopción de medidas de inmovilización do buque, se é o caso.
- f) Toda información relativa a sinistros marítimos en que participasen os buques.
- g) Identificación dos buques que deixasen de enarborar pavillón español nos últimos 12 meses.

Artigo 6. *Auditorías da OMI.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante adoptará as medidas necesarias para que a súa actividade se someta á auditoría da OMI polo menos cada 7 anos, en función da dispoñibilidade da dita organización, e publicará as conclusións da dita auditoría, respectando en todo caso as normas aplicables en materia de confidencialidade conforme o previsto na lexislación española.

Artigo 7. *Obrigas en caso de incumprimento.*

No caso de que se producisen incumprimentos ao disposto neste real decreto que desen lugar a que o Estado español figurase na lista negra ou a que fose incluído durante

dous anos consecutivos na lista gris, publicadas ambas nos informes anuais do memorando do Acordo de París, a Dirección Xeral da Mariña Mercante deberá dirixir á Comisión un informe sobre a súa actuación, como máis tarde catro meses despois da publicación do informe anual citado.

En caso de que se desen as circunstancias previstas no parágrafo anterior, o informe da Dirección Xeral da Mariña Mercante analizará as causas que fundamentaron o incumprimento e as deficiencias que motivaron a súa inclusión nas listas citadas no parágrafo precedente.

Disposición adicional única. *Sistema de xestión de calidade e avaliación interna.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante, con anterioridade ao 17 de xuño de 2012, elaborará, implantará e manterá un sistema de xestión da calidade para as actividades de inspección, auditoría e certificación de buques e tripulación relacionadas cos convenios internacionais especificados no Código para a implantación dos instrumentos obrigatorios da OMI na súa parte 1. Este sistema de xestión da calidade certificarase conforme as normas de calidade internacionais aplicables.

Disposición transitoria única. *Período de aplicación das auditorías da OMI.*

O disposto no artigo 6 deste real decreto será aplicable ata a entrada en vigor do plan obrigatorio de auditorías dos Estados membros da OMI que estableza a Comisión Europea e, en todo caso, ata o 17 de xuño de 2017.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2009/21/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, sobre o cumprimento das obrigas do Estado de abandeiramento.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto polo artigo 149.1.20.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira terceira. *Habilitacións.*

Facúltase o ministro de Fomento para ditar cantas disposicións sexan precisas en desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Competencias de execución.*

Autorízase o director xeral da Mariña Mercante para ditar as resolucións que, en execución deste real decreto, sexan precisas para garantir o seu cumprimento.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 16 de xuño de 2011.

Dado en Barcelona o 10 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ